

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 10 DE SETEMBRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de setembro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, , e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 1 de setembro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º.- TRASMISION TITULARIDADE LICENCIA

Solicitud de Don Julio López Rodríguez con data de RE 25.06.08 e nº RE 3876 relativo a cambio da titulariedade de local café bar sito na rúa Progreso nº33 Baixo.

A Xunta de Goberno Local COMPROBADO que o local conta coa preceptiva licencia sen que a mesma estea caducada, ademáis de que non existe modificación da actividade que se vai a realizar e que consta a autorización de Don Vicente López Martínez con DNI 12216297P e mediante a que cede voluntariamente a titulariedade da actividade de bodegón a favor de XUNARA, S.C., que está ao corrente do pago do Imposto de Actividades Económicas mediante liquidación do Interventor de data 14.07.08 e que consta informe da Arquitecta de que o estado actual do edificio se axusta a documentación técnica presentada no momento de solicitude inicial de licencia.

RESULTANDO que o artigo 13.1º e a Disposición Transitoria Terceira do Decreto 2414/1961 permiten a transmisión de licencias de actividade.

ACORDA tomar coñecemento do cambio de titulariedade do local antedito a favor de XUNARA, S.C. o tratarse dun acto de mera comunicación do art. 42.1º da Lei 30/92 .

2º.- CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **Dona Flora Fernández Fernández**, con domicilio na Rúa Santiago nº15, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa Santiago nº15,

Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **Dona M^a del Pilar e Blanca M^a Selas Chao**, con domicilio na rúa Praza Maior nº11-1º, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa San Martiño nº44-1º, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **Dona M^a del Pilar e Blanca M^a Selas Chao**, con domicilio na rúa Praza Maior nº11-1º, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa San Martiño nº44-2º, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **Dona M^a del Pilar e Blanca M^a Selas Chao**, con domicilio na rúa Praza Maior nº11-1º, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa San Martiño nº44-baixo cuberta, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **Dona Palmira Rodríguez Rosendo**, con domicilio na Rúa Xuíz Viñas, nº3, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa Xuíz Viñas, nº3 Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

3º.- Escrito de Don José Domínguez Freijido con data de RE 9.09.08 e núm RE 5495 mediante o que formula denuncia por contaminación acústica, e solicita a incoación do correspondente procedemento sancionador.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular xa que non dispón dos servicios técnicos dos elementos necesarios para proceder a comprobación da contaminación acústica denunciada acorda solicitar das Administracións Públicas competentes o auxilio para a realización deste tipo de probas.

4º.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.- Solicitud de información urbanística interesada por **Don José M. Vázquez Padrón** con domicilio na Rúa Travesía do Ribeiro nº2-4ºB, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4512. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 02.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Rúa Lucía nº13, Francelos, a solicitude de Don José M. Vázquez Padrón de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2.- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Antonio A. Borges Do Paco** con domicilio na Rúa O Seixo S/N, Santo Andre, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4366. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 02.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en O Seixo-Santo Andre, a solicitude de Don Antonio A. Borges Do Paco de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

3.- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Juan Carlos González Loeda** con domicilio na Avda. Ribeiro nº68-4ºA, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 3468. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 01.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Rúa Hnos. Alvarez Araujo, a solicitude de Don Juan Carlos González Loeda de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

5º.- SOLICITUDE DE VADO

1.-Solicitud de vado efectuada por Don José Boullosa Fidalgo na Rúa San Lázaro nº18, baixo de Ribadavia.

Consta informe da policía local no que se fan as seguintes consideracións:

- A súa sinalización ten que xustarse ao dictado no art. 11 da Ordenanza reguladora da Expedición de licencias de reserva de espazos de entrada e saída de vehículos (Vados), e así debe constar na expedición da Licencia, para que se realice sinalización axustada a normativa.
- Deberá anotarse no rexistro de Vados e dar conta a Policía Local do número de Placa correspondente.

Consta informe do aparellador no que se fan as seguintes consideracións:

- O solicitado non corresponde a ningún dos supostos previsto no art. 4 e seguintes da ordenanza reguladora “sendo seu outorgamento facultad da Alcaldía”. Sempre supeditado ao cumprimento das disposicións mínimas esixibles.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros outorgar a licenza solicitada de Vado, sita no inmovible nº18 baixo da Rúa San Lázaro.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de data 4.09.08 e nº de RE 5456 para que se remita o expediente de Construcciónes Lopez Carballeda, S.L ao producirse a caducidade do mesmo posto que non se procedeu a presentación da documentación no prazo preceptivo de tres meses previsto na Lei 30/92 de Procedemento Administrativo Común.

2º.- Comunicación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte con data de RE 03.09.08 e núm. 5400 sobre autorización para as obras de canalización soterrada de abastecemento na estrada OU-406, Ribadavia (OU-405)-Valdepereira (N-120), punto km. 2,250-3,00.

3º.- Comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Demarcación das Bacías intercomunitarias de Ourense con data de RE 03.09.08 e núm. RE 5401 sobre a adxudicación da obra “Ampliación e renovación da rede de abastecemento en Ventosela (Ribadavia-Ourense)” á empresa Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A. O orzamento total da obra é de 382.813,96€

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente os terreos necesarios para a execución das obras ademais de remitir as autorizacións preceptivas das consellerías competentes para a realización destas obras.????

4º.- Comunicación de Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino con data de RE 05.09.08 e núm. RE 5477 donde se establece un prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da notificación, para que o Concello de Ribadavia, poida acceder ao expediente (Pozo de rexistro, que alcanza o río Outeiro na zona do campo de fútbol de Francelos) nas oficinas centrais (Servicio de Infraccións e Denuncias) e tamén copia do mesmo nas oficinas da Confederación Hidrográfica do Cantábrico de Ourense, co obxecto de alegar e presentar os documentos que estime pertinentes.

5º.- Comunicación do Servizo Municipal de Deportes de data de RE 04.09.08 e núm. RE 5453 sobre a proposta do horario de inverno de apertura ao público das instalacións deportivas dende o 15 de setembro ata o 30 de maio do Polideportivo Municipal O Consello, Pavillón Municipal Maquiáns e Complexo Municipal “O Xestal”.

6º.- Dase conta por parte do Alcalde do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribadavia e a Consellería de Medio Rural mediante o que a citada consellería realizará

obras no Concello de Ribadavia por importe máximo de 325.692,58 euros, correspondendolle a súa licitación en cargo, tramitación e dirección. Correspondendolle o Concello de Ribadavia as seguintes obrigas:

- Pór a disposición da Consellaría, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións para levalas a cabo.
- Renunciar a calquera clase de tributo por mor das obras.
- Asumir, unha vez recepcionadas as obras pola Consellaría, e logo da comunicación por parte desta ao Concello, a explotación, mantemento e conservación das obras.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE PROXECTO

Dase conta por parte do Secretario da Comunicación da Deputación Provincial de Ourense de data 09.09.08 con núm. RE 5500 relativa a remisión do Proxecto Técnico das obras Ensanche Variante na OU-0303 Valdepereira-Maside, para a aprobación por parte do Concello de Ribadavia.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a deixar o asunto sobre a mesa mentres se comproba a titularidade dos terreos.

CONTRATO MENOR DE OBRAS

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo Concelleiro de Obras Públicas Don Jose Prieto Pérez relativo a contratación da realización de obras da urbanización da rúa Carlos Casares, Otero Pedraio, Celso Emilio Ferreiro e Martínez Vázquez de data 4.09.08.

No expediente consta aprobación do Proxecto mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2008, Acta de replanteo na que se comproba a realidade xeométrica das obras e a dispoñibilidade dos terreos para a súa normal execución, a acreditación da capacidade mediante presentación de estatutos, e declaración de non estar incurso en prohibición de contratar..

Consta informe de Intervención no que se conclúe que existe crédito dispoñible suficiente e adecuado para facer fronte ao gasto proposto pola cuantía de 42.369,07 euros na partida 432.62300.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do contrato a empresa Conde Rebollo SL, autorizando un gasto polo importe de 42.369,07 euros.

CONTRATO MENOR DE SERVICIOS

Dase conta por parte do Secretario da proposta da alcaldía relativa a adxudicación de contrato menor de servizos para prestación do “Servicio Provisional Municipal de Atención a Infancia” situado na Casa de Cultura. No expediente constan os estatutos da Asociación Xaraiba, a declaración de non estar incurso na prohibición de contratar do art. 49 da LCSP, ademais dun orzamento por importe de 7.680 euros.

Consta informe de Intervención na que se fan as seguintes consideracións:

PRIMEIRO: “que no Presuposto Xeral aprobado para o exercicio 2008 polo Concello de Ribadavia, non existe consignación suficiente para autorizar o gasto de 7.680 euros. Non obstante debería concretarse o gasto, xa que na memoria, a parte de recursos humanos, faise referencia a gastos en recursos materiais (553 euros) e outros (1.204 euros).”

SEGUNDO: “De conformidade co art. 216.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, debería suspenderse a tramitación do expediente ata que este reparo sexa solventado”

O Secretario informa que a falta de existencia de crédito é unha causa de invalidez da adxudicación .

Xustifícase a urxencia da necesidade de contratación en base a necesidade imperiosa da prestación do servizo, comprometéndose os membros da Xunta de Goberno a realizar a correspondente modificación orzamentaria que permita a súa realización efectiva.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do contrato para prestación do servizo de SMPAI (Servizo Municipipl Provisional de Atención a Infancia) situado na Casa de Cultura a empresa Xaraiba por un importe de 7.680 euros.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

FERRETERIA CHITO S.L., subministración de materiais eléctricos para reparación de liñas conducción eléctrica e outras, por importe de 4.984,93 euros.

ESPECTACULOS CAMOEIRAS S.L., actuación da orquesta Monumental con motivo da celebración da feira do Viño 2008, o día 5 de xullo, por importe de 4.000 euros.

MANUEL RODRIGUEZ RODRIGUEZ, servizos de alumeado artístico para actividades festas do Portal 2006, por importe de 4.872 euros.

ADMINISTRACION GENERAL DEL ESTADO, canon control verquidos río Avia de varios núcleos de poboación correspondente a 2007, por importe de 6.011,25 euros.

ADMINISTRACION GENERAL DEL ESTADO, canon control verquidos da Edar de Ribadavia correspondente a 2007, por importe de 5.623,92 euros.

UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., recoñecemento a conta do subministro de enerxía eléctrica a edificios e instalacións municipais, ano 2008, por importe de 40.000 euros.

UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., pago en formalización, por desconto de ingresos, subministro de enerxía eléctrica a edificios e instalacións municipais 2008, por importe de 4.389,74 euros.

UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., pago en formalización, por desconto de ingresos, subministro de enerxía eléctrica a edificios e instalacións municipais 2008, por importe de 4.448,70 euros.

UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., pago en formalización, por desconto de ingresos, subministro de enerxía eléctrica a edificios e instalacións municipais 2008, por importe de 4.441,43 euros

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

CORRECCION DE ERROS.-

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 01-09-08, a Xunta de Goberno Local, acorda, correxílo quedando do seguinte xeito:

“FESTAS DO PORTAL 2008.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar os presupostos e contratos relativos a espectáculos musicais e actividades a desenvolver nas Festas do Portal 2008, segundo o teor literal que se acha no respectivos expedientes:

CLASICOS DEL FUTURO S.L., contrato de arrendamento de servizos do grupo SEGURIDADE SOCIAL para as festas Portal 2008, por importe de 23.000 euros máis I.V.E.”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº8/08.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº8 /08, por importe de 71.869,54 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO